

CONSELLERÍA DO MAR

Orde do 18 de agosto de 2010 pola que se regula o uso e xestión da reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira.

A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, no punto 2 do seu artigo 12 dedicado ás reservas mariñas, establece que na norma de declaración se determinarán como mínimo a delimitación xeográfica da zona de reserva e as restricións ou as prohibicións no exercicio da actividade pesqueira ou marisqueira, ou calquera outra que afecte directamente a finalidade pretendida coa declaración.

O Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira, define aqueles elementos esenciais que determinan o funcionamento da reserva como unha ferramenta de xestión dos recursos cunha filosofía participativa do sector nela.

O decreto determina que deben desenvolverse aqueles aspectos procedimentais necesarios para o bo fin do obxecto da reserva: a recuperación dos recursos pesqueiros e dos seus ecosistemas, así como para o correcto seguimento da súa evolución.

Con esta finalidade, a través desta orde, desenvólvense o funcionamento do órgano de xestión, seguimento e control e a súa sede. O dito órgano é básico no seguimento da reserva e participa moi directamente na elaboración do censo de titulares de permisos que os habilite para exercer a actividade nela; nesta orde desenvólvese tanto o que se refire á elaboración como á revisión deste censo, establecendo o procedemento de exclusión de titulares de permisos deste por motivo de incumprimento da normativa.

Outro dos aspectos regulados pola orde é aquel referido á realización de actividades dentro da reserva, tanto no relativo á actividade profesional da pesca como a outros usos como pode ser o mergullo, e o seu control.

Finalmente, o desenvolvemento normativo péchase con aqueles aspectos relativos ao seguimento científico e á divulgación da reserva.

Por todo o anterior, facendo uso das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Sinalización da área da reserva mariña.*

A Consellería do Mar sinalizará ou balizará adecuadamente os límites da reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira e da súa reserva integral.

Artigo 2º.-*Funcionamento do órgano de xestión, seguimento e control.*

1. O órgano de xestión, seguimento e control desenvolverá as funcións recollidas no artigo 10 do Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, e estará adscrito á Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños da Consellería do Mar.

2. O órgano de xestión, seguimento e control terá a súa sede no porto de Cedeira.

3. O órgano de xestión, seguimento e control reunirase en réxime ordinario dúas veces ao ano, preferentemente en marzo e outubro, e cantas veces o propoña o seu presidente ou o soliciten tres dos seus membros.

4. Os membros do órgano de xestión, seguimento e control designados segundo o disposto no artigo 10 do Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira, poderán renovarse cada 4 anos.

Artigo 3º.-*Censo.*

1. Para a elaboración do censo seguirase o procedemento seguinte:

a) Mediante resolución da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*, abrirase un período de solicitude de inclusión polo prazo dun mes. As solicitudes que virán acompañadas de copia do DNI da persoa que asine a solicitude só no caso de non autorización ao órgano xestor para comprobar os datos de identidade mediante consulta ao sistema de verificación de datos segundo o Decreto 255/2008, do 23 de outubro (DOG número 221, do 13 de novembro) e a Orde do 7 de xullo de 2009 (DOG número 134, do 10 de xullo), dirixiranse á persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños segundo o modelo que figura no anexo I desta orde. O modelo tamén estará á disposición nas páxinas web: webpesca.xunta.es e pescadegalicia.com. Presentaranse no rexistro único e de información do complexo administrativo de San Caetano, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

b) No caso de que o número de solicitudes se considere excesivo en relación coa capacidade produtiva da área de reserva, e de acordo coa información de que dispoña o equipo de seguimento científico, no caso das embarcacións, terase en conta como criterio de selección a pertenza a portos base máis próximos ao ámbito xeográfico da reserva. Sempre, e en calquera caso, farase de conformidade co Plan de xestión integral aprobado para o ámbito da reserva.

c) Logo de informe do órgano de xestión, seguimento e control, a Dirección Xeral de Ordenación e

Xestión dos Recursos Mariños elaborará un censo provisional, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*, para que as persoas interesadas poidan formular alegacións durante un prazo de quince días a partir do día seguinte ao da súa publicación.

d) O censo definitivo será aprobado por resolución da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños, e publicarase no *Diario Oficial de Galicia* no prazo máximo de tres meses contados desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo indicado sen que se publique a resolución, posibilitará que as persoas interesadas poidan entender desestimada a súa pretensión por silencio administrativo negativo.

2. Non se poderá incrementar o número de titulares de permisos para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, mentres non se acorde a actualización do censo. Para a actualización seguirase o mesmo procedemento descrito no punto anterior e terase en conta como criterio de selección, ademais do sinalado na letra b), a habitualidade e as capturas realizadas no ámbito da reserva dos titulares que xa estivesen incluídos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro.

3. Serán causas de exclusión do censo, ademais da que resulte da actualización, o incumprimento da normativa de uso e xestión da reserva e a negativa á realización do control das actividades pola Subdirección Xeral de Gardacostas ou polo persoal de seguimento e control. Para a súa efectividade, os membros dos devanditos servizos levantarán a oportuna acta que se trasladará ao departamento territorial da Consellería do Mar. Á vista dos feitos e probas achegadas, e tendo en conta, de ser o caso, os antecedentes da presunta persoa infractora, a xefatura territorial do departamento territorial emitirá proposta de resolución que se notificará á persoa interesada, para que poida efectuar alegacións e propoñer novas probas no prazo máximo de quince días. Recibidas as alegacións ou transcorrido o prazo para facelo, e á vista do resultado das probas que, de ser o caso, se practicasen, o mesmo órgano elevará proposta de resolución definitiva á persoa titular da dirección xeral competente, quen resolverá acordando o que proceda. A resolución notificaráselle á persoa interesada no prazo máximo de tres meses desde o inicio do expediente e será inmediatamente executiva. Todo o anterior e sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incurrir o/a infractor/a en relación co réxime sancionador en materia marítimo-pesqueira e outros que resulten de aplicación.

Artigo 4º.-*Usos pesqueiros permitidos.*

1. De conformidade co disposto nos artigos 4 e 8 do Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, as embarcacións incluídas no censo, que se regula no artigo 9 do antedito decreto e 3 desta orde, poderán desen-

volver a pesca marítima profesional nas áreas non delimitadas como reservas integrais e como zonas de protección especial, coas seguintes artes e aparellos tradicionalmente utilizados na zona:

- a) Artes de anzol: liña/cordel e palangriño.
- b) Nasas: nasa nécora, nasa polbo e nasa camarón.
- c) Artes de enmalle: trasmallos.

Non obstante, nas augas continentais respectarase a normativa relativa ao uso e calamento das artes de anzol e enmalle.

2. A Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños, por proposta do órgano de xestión, seguimento e control, poderá establecer medidas e/ou normas distintas ás establecidas nas disposicións regulamentarias, co obxectivo de adoptar aquelas que permitan conseguir unha explotación racional dos recursos pesqueiros e marisqueiros na reserva.

Artigo 5º.-*Mergullo de lecer.*

1. Na reserva mariña poderán practicarse actividades subacuáticas na modalidade de mergullo autónomo recreativo, suxeitándose ás seguintes condicións:

- a) Deberase levar a documentación que acredite o cumprimento dos requisitos para practicar o mergullo, así como a que acredite o permiso ao que se refire o parágrafo 4 do artigo 8 do Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, que deberá ser exhibida por requirimento do persoal da Subdirección Xeral de Gardacostas ou do persoal do servizo de seguimento e control da reserva. O incumprimento deste requisito ou presentación de documentación irregular será causa de suspensión da inmersión.
- b) A utilización de lanternas ou focos debe solicitarse xunto coa autorización, e deberán constar expresamente na autorización da inmersión.
- c) A actividade realizarase perturbando o menos posible o estado do medio e preservando a integridade dos individuos ou comunidades dependentes do medio mariño.
- d) Deberase respectar a práctica da pesca profesional, sen interferir coas embarcacións que están faenando nin coas artes que puideran estar caladas.
- e) Deberanse seguir en todo momento as indicacións do persoal de xestión, seguimento e control da reserva en canto a zonas de inmersión, condicións para a súa realización e calquera outro aspecto relativo ao seu desenvolvemento.
- f) As embarcacións deberán exhibir durante a inmersión a preceptiva bandeira «A» (alfa) do código internacional de sinais.

2. Na práctica do mergullo queda prohibido:

a) O mergullo sen a preceptiva autorización cando o acceso estea limitado.

b) As inmersións nocturnas (entre o ocaso e o orto solar).

c) A utilización de torpedos e demais medios de propulsión submarina.

d) A tenza de calquera instrumento que poida utilizarse para a pesca ou extracción de especies mariñas, coa excepción dun coitelo por razóns de seguridade.

e) A recolección ou extracción de organismos ou parte de organismos, vivos ou mortos, animais ou vexetais.

f) A extracción de minerais ou restos arqueolóxicos.

g) A tenza a bordo das embarcacións de calquera tipo de instrumento, arte ou aparello que poida utilizarse para a pesca ou extracción de especies mariñas.

h) Alimentar aos animais durante as inmersións.

i) Perturbar ás comunidades de organismos mariños.

Artigo 6º.-Navegación e fondeo.

A Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños, por proposta motivada do órgano de xestión, seguimento e control, xestionará diante das administracións competentes as limitacións de uso para navegación e fondeo nas áreas da reserva que se consideren necesarias.

Artigo 7º.-Control.

1. Todos aqueles que efectúen a actividade pesqueira e/ou marisqueira no ámbito da reserva mariña deben comunicarlle ao persoal asignado á xestión, seguimento e control da reserva a súa entrada na zona da reserva mariña, identificándose convenientemente e notificándolle as capturas que leven a bordo no momento de acceder á reserva. Así mesmo, deben notificar a súa saída, número de artes caladas e as capturas realizadas na zona da reserva. Estas comunicacións deben efectuarse de maneira que permitan ao órgano de xestión, seguimento e control realizar as comprobacións dos datos transmitidos.

2. O persoal de xestión, seguimento e control da reserva, coordinado pola Subdirección Xeral de Gardacostas, realizará as inspeccións e comprobacións oportunas para verificar os datos indicados, sen prexuízo daquelas que esta realice na súa función de vixilancia e control. A negativa á realización destas funcións ou a non notificación do acceso á reserva serán causa de exclusión do censo, logo do procedemento regulado no artigo 9, parágrafo 4 do Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro e do artigo 3, parágrafo 3 desta orde.

3. Para facilitar os labores de seguimento e control da actividade pesqueira e/ou marisqueira, as persoas armadoras das embarcacións inscritas no censo deberán permitir a instalación de dispositivos de identificación.

Artigo 8º.-Seguimento científico.

1. A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro elaborará un programa de seguimento científico da reserva mariña, coa finalidade de coñecer a súa evolución e os resultados obtidos.

2. O desenvolvemento do programa de seguimento realizarase baixo a coordinación do órgano de xestión, seguimento e control, que informará do programa anualmente antes da súa aprobación.

3. Ademais do preceptivo informe anual, o seguimento científico da reserva informará dos resultados coñecidos en cada momento ao órgano de xestión, seguimento e control e á Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños.

Artigo 9º.-Divulgación.

1. Anualmente elaborárase un informe sobre a reserva mariña que será difundido ao sector, institucións e entidades interesadas para o seu coñecemento. O dito informe estará dispoñible nas páxinas web da reserva mariña de interese pesqueiro e da Consellería do Mar.

2. A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, por proposta do órgano de xestión, seguimento e control, realizará as actividades de formación, información e divulgación que se consideren necesarias e oportunas.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Competencias de desenvolvemento.

Facúltanse as persoas titulares das Direccións Xerais de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños e de Desenvolvemento Pesqueiro para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de agosto de 2010.

Rosa Mª Quintana Carballo
Conselleira do Mar



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

ANEXO I



XACOBEO 2010
Galicia

PROCEDEMENTO INSCRICIÓN NO CENSO DE TITULARES DE PERMISOS AUTORIZADOS NA RESERVA MARÍTIMA RÍA DE CEDEIRA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PE402C	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

E na súa representación:

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
ENDEREZO		PROVINCIA	
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DATOS DA EMBARCACIÓN (de ser o caso)

NOME	MATRÍCULA E FOLIO
PORTO BASE	CONFRARÍA/ASOCIACIÓN (DE SER O CASO)

Autorizo a consellería de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia.

SI NON

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>- Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, de creación da reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira.</i> <i>- Orde do 18 de agosto de 2010 pola que se regula o uso e xestión da reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA <i>Lugar e data</i> _____, de _____ de _____		DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____

Director xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños.
Rúa do Valiño, 63-65. 15703 Santiago de Compostela.